



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 563  
18 de novembro de 2019



CSV: BOPGDSPGd6pQ8gky7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

### Rexeitamento da toma en consideración

#### ■ 55694 (10/PPLC-000015)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno [185748](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

### Admisión a trámite e publicación

#### ■ 58883 (10/MOC-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 54440, publicada no BOPG nº 524, do 04.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

[185761](#)

#### ■ 58891 (10/MOC-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero (Moción consecuencia da Interpelación nº 57782, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

[185764](#)

### Rexeitamento da iniciativa

#### ■ 58119 (10/MOC-000162)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Moción consecuencia da interpelación nº 55463, publicada no BOPG nº 533, do 18.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

[185749](#)



**I 58123 (10/MOC-000163)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56972, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019) [185750](#)

**I 58144 (10/MOC-000164)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56887, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019) [185750](#)

**1.3.6. Proposicións non de lei****1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas****Aprobación sen modificacións****I 37155 (10/PNP-002782)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e once deputados/as máis**

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas [185750](#)

**I 58181 (10/PNP-004335)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e catorce deputados/as 14 máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os consumidores electrointesivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia) [185751](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 51691 (10/PNP-003873)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria [185751](#)

**I 52312 (10/PNP-003912)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da



Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006 [185751](#)

#### **I 55910 (10/PNP-004135)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61 [185752](#)

#### **I 57302 (10/PNP-004240)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial [185752](#)

#### **I 57356 (10/PNP-004246)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial [185752](#)

#### **I 57689 (10/PNP-004285)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada [185752](#)

#### **I 58006 (10/PNP-004317)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración [185752](#)

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

#### **Aprobación sen modificacións**

#### **I 58030 (10/PNC-004630)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos terreos forestais particulares que polo seu estado de abandono supoñan un elevado risco de propagación do lume

[185753](#)

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

#### **I 57168 (10/PNC-004538)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de concentración parcelaria do monte na zona denominada Gonzar II e nas parroquias de Arca e Pereira, no concello do Pino

[185753](#)

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

#### **I 57959 (10/PNC-004624)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co convenio asinado coa Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias, para a prevención dos incendios forestais

[185754](#)

### **Rexeitamento da iniciativa**

#### **I 51685 (10/PNC-004132)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga

[185754](#)

#### **I 57599 (10/PNC-004581)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito participativo, dun plan de fomento da horticultura galega co fin de reverter a baixada que rexistra, entre os anos 2009 e 2017, a súa produción

[185754](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**

#### **2.4.3. Convocatorias**

I Sesión plenaria (día 19 de novembro de 2019, ao remate da sesión específica)

[185755](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 12 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados**

#### **Rexeitamento da toma en consideración**

- 55694 (10/PPLC-000015)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno

BOPG nº 533, do 18.09.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 13 votos a favor, 35 votos en contra e 19 abstencións, polo que non se toma en consideración.

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

#### **Admisión a trámite e publicación**

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 16 de novembro de 2019, pola que se admiten a trámite as mocións con número de rexistro de entrada 58883, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 58891 do G.P. dos Socialistas de Galicia, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 12 de novembro de 2019

Examínanse os documentos co número de rexistro de entrada 58883, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e 58891 do G.P. dos Socialistas de Galicia, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 12 de novembro de 2019

- 54440 (10/INT-001817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

- 57782 (10/INT-001973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019



## Admisión a trámite e publicación

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite e cualificar como mocións os seguintes documentos:

- 58883 (10/MOC-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 54440, publicada no BOPG nº 524, do 04.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

- 58891 (10/MOC-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero (Moción consecuencia da Interpelación nº 57782, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

2º. Incorporar estas mocións, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 12 de novembro de 2019, á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 19 de novembro de 2019.

O prazo para presentación de emendas, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento, remata ás 18.30 horas do día 18 de novembro de 2019.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa do Parlamento na reunión prevista para o día 18 de novembro de 2019

4º. Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## Rexeitamento da iniciativa

- 58119 (10/MOC-000162)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Moción consecuencia da interpelación nº 55463, publicada no BOPG nº 533, do 18.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 36 votos en contra e 12 abstencións.

- 58123 (10/MOC-000163)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de socorristas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56972, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 58144 (10/MOC-000164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa crise e o cambio climático. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56887, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 22.10.2019)

BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 37155 (10/PNP-002782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e once deputados/as máis

Sobre as solicitudes que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño, a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas

BOPG nº 362, do 26.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 52 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.





O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Ministerio de Fomento que confirme o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de impulsar a autovía de novo trazado entre Vigo e O Porriño a través do Plan extraordinario de investimentos en estradas, como estaba previsto ou, se for do caso, pola vía orzamentaria, e que continúe cos trámites administrativos necesarios para a licitación das obras desta nova autovía no ano 2019».

- 58181 (10/PNP-004335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e catorce deputados/as 14 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa proposta de Estatuto para os consumidores electrointensivos elaborada polo Goberno galego, así como as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central ao respecto. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia apoia a proposta de Estatuto para os consumidores electrointensivos elaborada polo Goberno galego e insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para solicitarlle que asuma esta proposta e que, en consecuencia, adopte todas as medidas previstas de maneira inmediata en tanto que a situación dos 5.000 empregos que en Galicia dependen da industria electrointensiva é crítica, moi especialmente daqueles que dependen da factoría de Alcoa San Cibrao».

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 51691 (10/PNP-003873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xestión sanitaria

BOPG nº 493, do 26.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 52312 (10/PNP-003912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Consello da Xunta de Galicia do ano 2004 polo que se aproba definitivamente o Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, así como o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006

BOPG nº 508, do 19.07.2019



Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 55910 (10/PNP-004135)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego de auditorías ambientais en toda a Administración pública autonómica, organismos autónomos, entes públicos e organismos adscritos, así como a verificación do grao de cumprimento do Regulamento europeo 1221/2009 e da Decisión 2019/61

BOPG nº 538, do 27.09.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 17 votos a favor, 38 votos en contra e 16 abstencións.

- 57302 (10/PNP-004240)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Mos para facilitar a execución do proxecto de construción da Cidade Deportiva do Celta e dun centro comercial

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 57356 (10/PNP-004246)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación polo Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para posibilitar a negociación dun plan de estabilidade laboral na mesa sectorial

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por votos 33 a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 57689 (10/PNP-004285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a mellora polo Goberno galego da atención ás emerxencias sanitarias na comarca do Deza coa dotación de Lalín, como cabeceira de comarca, dunha ambulancia medicalizada

BOPG nº 551, do 22.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 58006 (10/PNP-004317)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro de longa duración  
BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e 4 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 15 de novembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

#### **COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

#### **Aprobación sen modificacións**

- 58030 (10/PNC-004630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos terreos forestais particulares que polo seu estado de abandono supoñan un elevado risco de propagación do lume  
BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que promova a declaración de perímetros de alto risco e realice as actuacións preventivas pertinentes naqueles casos en que o nivel de risco de propagación do lume sexa elevado.»

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 57168 (10/PNC-004538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de concentración parcelaria do monte na zona denominada Gonzar II e nas parroquias de Arca e Pereira, no concello do Pino

BOPG nº 547, do 16.10.2019



Sométese a votación e resulta aprobada coa emenda do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 58875) pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que remate as obras no ano 2020 do proceso de concentración parcelaria da zona de Gonzar II, no concello do Pino, así como estudar as futuras solicitudes de procesos de reestruturación parcelaria.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 57959 (10/PNC-004624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co convenio asinado coa Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias, para a prevención dos incendios forestais

BOPG nº 555, do 30.10.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír no convenio de xestión de faixas secundarias una modalidade de actuación para que o sistema público de xestión da biomasa poida realizar, como mínimo, 5 hectáreas de actuacións subsidiarias a petición de calquera concello adherido.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 51685 (10/PNC-004132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga

BOPG nº 493, do 26.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 57599 (10/PNC-004581)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito participativo, dun plan de fomento da horticultura galega co fin de reverter a baixada que rexistra, entre os anos 2009 e 2017, a súa produción

BOPG nº 552, do 23.10.2019



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 19 de novembro de 2019, ao remate da sesión plenaria específica prevista nesa mesma data, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 12 de novembro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

#### Punto 1. Texto legislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio (doc. núm. 56459, 10/PPL-000042)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

#### Punto 2. Comparecencia

2.1 58732 (10/PPP-000114)

Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

#### Punto 3. Mocións

3.1 58883 (10/MOC-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 54440, publicada no BOPG nº 524, do 04.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 563, do 18.11.2019

3.2 58891 (10/MOC-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa



Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57782, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 563, do 18.11.2019

#### **Punto 4. Proposicións non de lei**

4.1 44404 (10/PNP-003312)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.2 55696 (10/PNP-004121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

4.3 56091 (10/PNP-004146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

4.4 57039 (10/PNP-004215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

4.5 57248 (10/PNP-004237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

4.6 57733 (10/PNP-004287)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis



Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

4.7 57969 (10/PNP-004314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de deputados/as máis profesionais e de recursos materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

4.8 58344 (10/PNP-004346)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

## Punto 5. Interpelacións

5.1 56678 (10/INT-001907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

5.2 57403 (10/INT-001949)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

5.3 57774 (10/INT-001972)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

5.4 58055 (10/INT-001988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

## **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

6.1 58748 (10/POPX-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

6.2 58750 (10/POPX-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

6.3 58752 (10/POPX-000177)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

7.1 54158 (10/POP-006445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e seis deputados/as máis

Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.2 58730 (10/PUP-000278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.3 58728 (10/PUP-000277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis





Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.4 56756 (10/POP-006720)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.5 57713 (10/POP-006842)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

7.6 58174 (10/POP-006900)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.7 58722 (10/PUP-000276)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.8 56256 (10/POP-006653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración da consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

7.9 57843 (10/POP-006870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.10 54924 (10/POP-006511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis



## Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de novembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral en Galicia (doc. núm **54440**, [10/INT-001817]).

### Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas e a impulsar as medidas necesarias, coa dotación económica precisa, que aborden as carencias que se detecten no informe, de cara a fomentar un emprego estábel e de calidade para as mulleres.

2.- Promover e vixiar o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral e traballar transversalmente pola eliminación das discriminacións.

3.- Elaborar, en colaboración co Consello Económico e Social, o Consello Galego de Relacións Laborais e as universidades galegas un estudo sobre o impacto da fenda salarial na economía galega e unha exploración de propostas para intervir nela no ámbito das competencias propias.

4.- Dotar nos orzamentos da Xunta para 2020 unha partida económica suficiente, non testemuñal, para actuar na rebaixa da fenda salarial.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5.- Presentar un informe no Parlamento galego, no primeiro trimestre de 2020 ,sobre o nivel de aplicación e cumprimento do acordo aprobado por unanimidade o 13 de marzo de 2019 que a continuación se transcribe:

*O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega:*

*a) Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.*

*b) Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.*

*c) Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.*

*d) Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas*

*e) Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.*

6.- Demandar do Goberno español:

a) O aumento dos efectivos de inspección laboral para incrementar as inspeccións e as sancións para que as categorías e os pluses non encubran desigualdade





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

salarial, para tal fin demandar a introdución na lexislación, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes.

b) A inmediata equiparación de dereitos laborais e protección social para as traballadoras de fogar e de coidados, incluídas as prestacións por desemprego, a cotización por salarios reais e iguais condicións para o cálculo das pensións. Demandar o recoñecemento pleno no Estatuto dos Traballadores e Traballadoras e integración completa no Réxime Xeral da Seguridade Social así como a sinatura do Convenio 189 da OIT.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2019 12:48:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2019 12:48:30**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 12 de novembro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero (10/INT-001973, doc. núm. 57782)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rexeitar de maneira explícita calquera tipo de pacto ou coalición con formacións políticas que neguen as diversas manifestacións da violencia de xénero ou menoscaben a importancia de seguir incidindo nas políticas de igualdade e na defensa dos dereitos e liberdades das mulleres.
2. Impulsar as modificacións necesarias das figuras impositivas (IRPF, Imposto sobre o patrimonio, imposto de sucesións e doazóns, imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, entre outros), dentro do ámbito das súas competencias normativas e empregando para elo todo tipo de beneficios fiscais (exencións, deducións, bonificacións, reducións de base imponible ou de tipos impositivos), co obxectivo de protexer a capacidade económica e patrimonial das mulleres vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia, así como das súas fillas e fillos, e facelas efectivas durante o ano 2020.
3. Desenvolver durante o primeiro semestre do 2020 campañas de sensibilización e información entre a cidadanía para o mellor recoñecemento da violencia económica sobre as mulleres como unha forma máis de violencia de xénero.
4. Mellorar na divulgación dos recursos e asesoramentos cos que contan as mulleres, tamén en canto a violencia económica, nos Centros de Información as Mulleres, así como potenciar os cursos de formación específicos para o seu persoal que permita un mellor asesoramento das implicacións fiscais tras un divorcio.
5. Mellorar os recursos de asistencia ás vítimas, en especial das casas de acollida, coa previsión dunha dotación orzamentaria suficiente nos orzamentos da Xunta



para o 2020 que permita solventar as situacións de precariedade presentes nas edificacións existentes e mellora dos seus equipamentos, así como a planificación e posta en marcha de novos aloxamentos no territorio que permitan reducir as distancias e faciliten o acceso ós mesmos de todas as mulleres e menores ó seu cargo vítimas de violencia de xénero.

6. Introducir no informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, un apartado específico sobre a violencia económica que recolla datos estatísticos suficientes así coma conclusións que permitan unha correcta avaliación e planificación de medidas.

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 15/11/2019 14:25:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2019 14:25:18**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

